

## Concello de Viveiro

EXPTE.- 2249/2020

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 28 de xullo de 2020 N.º 171, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN TÉCNICO DE SERVIZOS ECONÓMICOS, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, encadrado na causa prevista no artigo 10.1.d) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro-TREBEP), e no artigo 23.2.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, considerando urxente e inaprazable a necesidade de iniciar o procedemento por acumulación de traballo no referido departamento prioritario do Concello, non existindo no cadro de persoal que non poida acometer estes traballos de posta ao día sin desatender as funcións encomendadas, tendo en conta a IT de longa duración.

Vistas as bases xerais, específicas e anexos polas que se establecen as normas para a selección de UN TÉCNICO DE SERVIZOS ECONÓMICOS, funcionario interino por incapacidade temporal do traballador que ven ocupando dito posto.

Vista a base 8.1, que sinala "(...)Na composición do tribunal respectarase a paridade entre homes e mulleres. Deberá designarse un suplente para cada membro do Tribunal. Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base 8.2, que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros..."

Vista a proposta recibida en data 08 de outubro de 2020 presentada pola Diputación Provincial de Lugo, con base á colaboración e asistencia que presta esta Entidade aos Concellos en materia de órganos de selección, regulada no artigo 19 do regulamento do Servizo de Asesoramento e Asistencia Xurídica, Económica-financeira e Técnica aos Concellos (BOP nº 109, do 15 de maio de 2009), proponendo aos funcionarios para formar parte do Tribunal cualificador do proceso para a selección dun/dunha Técnico/a de Servizos Económicos.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

#### **PRESIDENTE:**

**Titular:** Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor RRHH, adxunto xefe Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo, no Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo.

#### **VOGAIS:**

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





## Concello de Viveiro

---

**Titular:** Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.  
**Suplente:** Don Emilio Justo Fernández Pita, xefe do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria da Deputación de Lugo.

**Titular:** Dona Rosa María Abelleira Fernández, Interventora do Excmo. Concello de Viveiro.

**Suplente:** Don José Antonio Castro Liz, xefe Sección Xestión Orzamentos, na Intervención da Deputación de Lugo.

**Titular:** Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Excmo. Concello de Viveiro.

**Suplente:** Dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa Sección Contabilidade e Contas, na Intervención da Deputación de Lugo.

### SECRETARIO:

**Titular:** Don Manuel Castiñeira Castiñeira, secretario-interventor, xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don Benedicto José Quijada Morandeira, xefe da Sección de Formación da Deputación de Lugo.

**COLABORADORA:** Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos, na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

**SEGUNDO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan de forma telemática o **Luns día 02 de novembro de 2020, ás 11:00 horas**, para a súa constitución, elaboración de lista de admitidos e excluídos, preparación proba de galego e exame tipo test.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

